



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 27/11/2010.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecías.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiros ausentes:

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. José Serafín Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e catro minutos do sábado día vinteseite de novembro de dous mil dez, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día seis de novembro do presente ano dous mil dez. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR.

Dase conta da comunicación recibida da dirección do CPI local, na que se solicita ó Concello a designación dun representante para formar parte do Consello Escolar, e da proposta do grupo de goberno de que continúe ostentando esta representación o concelleiro



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

do PSOE D. Fernando Márquez Hermida, o mesmo que ata a data. O asunto de que se trata foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda designar ó concelleiro D. Fernando Márquez Hermida como representante do Concello no Consello Escolar, e ordear a remisión dunha certificación do presente acordo á dirección do CPI de San Sadurniño coa brevidade posible.

TERCEIRO. ACORDOS PARA A APROBACIÓN DO P.O.S. 2011 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dase conta do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a participación deste Concello no referido Plan, e dos proxectos redactados para as obras que o grupo de goberno propón incluír no mesmo.

O expediente de que se trata foi favorablemente dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello.

Toma a palabra o concelleiro de obras, Sr. López Gudín, para explicar brevemente o contido dos proxectos de que se trata, que buscan unha redución do consumo eléctrico e unha mellora da eficiencia, no caso do que afecta ó alumeadado, avanzar na liña da mellora dos accesos principais das diferentes parroquias no caso da obra a realizar en Bardaos, e a reparación de pistas deterioradas que dan acceso a pequenos núcleos no referido á outra obra proposta, antes de que se agrave aínda máis o seu estado.

Interven de seguido o Sr. Ledo, para insistir no dito na comisión informativa, que están de acordo no fondo do asunto, as obras a incluír, aínda que tamén podería haber outras tanto ou máis urxentes, pero en desacordo respecto coa escasa antelación respecto ó Pleno coa que se convocou a comisión informativa, sen posibilidade de aceptar proposta algunha da oposición, e tamén en desacordo respecto á proposta de destinar 68.000 euros a gasto corrente, o que parece manifestar unha previsión presupostaria inadecuada nese aspecto.

Toma de seguido a palabra o Sr. Márquez, para dicir que os investimentos propostos están na liña das solicitudes rexistradas no procedemento do orzamento participativo, como o tema da redución de consumo do alumeadado e a mellora dos accesos principais de cada parroquia. Di tamén que aínda que destinar parte deste Plan a gasto corrente non é o ideal, lle parece que pode ser necesario neste momento, e que apesar de que lle gustaría que se poidese adicar máis investimento á suxeción de colectores do lixo ou ó enlace da pista en Bardaos coa estrada xeral, o seu voto será afirmativo neste tema.

Fala a continuación brevemente o Sr. Alcalde, para reiterar o xa indicado polo Concelleiro de obras: que no proxecto das pistas en Bardaos non se inclúe o enlace coa estrada xeral porque a Xunta ten que realizar obras próximamente nesa zona para a conexión da vía de alta capacidade proxectada desde hai tempo, e que esas obras suporían levantar o realizado coa financiación do POS, polo que a eficiencia na utilización de fondos públicos recomenda posponer ata entón o remate da obra co enlace á estrada xeral, que seguramente poderá ser realizado pola Xunta no seu momento. En canto ó tema do gasto corrente, o Sr.



Alcalde apela ó principio de caixa única e lembra a obriga que ten o Concello de facer fronte ós seus compromisos de gasto, no referido concretamente ó gasto corrente, sobre todo no exercicio 2011, no que se prevé unha redución dos ingresos por transferencias correntes, clarexando que en calquera caso, o investimento no 2011 superará amplamente o importe total do POS 2011.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda:

1º.- Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal 2011, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar no POS 2011, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2011, de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Importe total Euros
Alumeado público nos lugares e Camba, A Vila e Castiñeira	29.598,91	3.588,38	33.187,29
Aglomerado do camiño das Loibas á Bañoca	48.822,68	5.905,5	54.728,18
Pavimentación dos camiños do Castro, Abelleira e Lourido	56.671,58	6.849,51	63.521,09
	135.093,17	16.343,39	151.436,56

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2011 e que se relacionan neste cadro.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial achegada ó financiamento de gastos correntes	68.000 Euros
--	--------------

C) Resumo

DENOMINACIÓN DA OBRA	Estado + Deputación	Concello	Importe total Euros
SUBTOTAL OBRAS	135.093,17	16.343,39	151.436,56
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	68.000	0	68.000
TOTAL	203.093,17	16.343,39	219.436,56

2º.- Declarar expresamente que non se considera procedente a formulación do Plan Complementario, debido á escasa contía dos proxectos cos que participará este Concello no Plan de que se trata.

3º.- Declarar que o Concello dispón dos terreos, augas e servidumes necesarias para a execución das obras, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

4º.- Formular compromiso de incluír no presuposto municipal de 2011 as cantidades necesarias para facer fronte á aportación municipal das obras incluídas na anualidade de 2011.

5º.- Solicitar á Excma. Deputación Provincial de A Coruña a delegación da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada no caso de que efectivamente se produza.

6º.- Declarar que este Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento destes investimentos.

7º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle substitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,